



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 13 de xullo do 2016

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 23.00 horas

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Don Jesús José Santasmarinas Devesa

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Modificación presupostaria número 1**
- 3. Modificación ordenanza reguladora do IBI (rústica)**
- 4. Modificación ordenanza reguladora taxa piscina municipal, pavillón polideportivo**
- 5. Recoñecemento extraxudicial crédito**
- 6. Rexeitamento recurso de reposición presentado polo Sr. Raviña Rubio**
- 7. Ratificación de acordo adoptado na Xunta de Goberno do 7 de xullo do 2016**

8. Festivos locais 2017

9. Mocións número 16/1000 e número 16/1438 presentada polo agrupación municipal Veciñ@s

10. Información da alcaldía

11. Rogos e Preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

O señor Canabal Fernández expresa o seu sentido pésame polo falecemento do escritor Fernández Paz.

En canto á acta anterior din que non teñen nada que alegar.

O señor Sanjuás, di así mesmo , que o seu grupo tampouco teñen alegacións.

Cos votos a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 31 de maio do 2016.

2.Modificación presupostaria número 1

Neste momento entra a concelleira Ana M^a Seijo Mosquera, sendo ás 20.35 h.

1/ Con data 10 de xuño do 2016, recíbese no concello a circular da deputación provincial da Coruña, na cal se indica que o pleno da deputación aprobou o plan de aforro e investimentos (PAI) 2016 no cal se concede ao concello de Boqueixón un préstamo de 190.085,67 € con destino á amortización do préstamo bancario que o concello ten con ABANCA por importe, a esta data, de 323.470,93 €.

2/ Dos datos derivados da liquidación do presuposto 2016, resulta un superávit de 491,400,83 € o cal só se poderá destinar a atenderas obrigas pendentes de aplicar ao presuposto contabilizadas a 31 decembro e a amortizar débeda. Cumpridos estes dous apartados, si se segue mantendo saldo positivo do superávit este poderase destinar a financiar investimentos financeiramente sostibles.

Por un lado non existen obrigas contabilizadas a 31/12/2015 pendentes de aplicar ao presuposto.

Por outro, en canto ao préstamo bancario, deducido do importe actualmente existente a cantidade do préstamo concedido pola deputación, tal como se indica no apartado anterior, queda un remanente de débeda bancaria de 133.385,26 €. Consecuentemente, aplícase a parte proporcional do superávit para a cancelación total do préstamo bancario, co cal o préstamo con ABANCA quedaría totalmente cancelado. Tendo en conta que hai consignado 25.375,00 €, a porción desuperávit é de 108.010,26 €.

Do superávit total, resta por tanto, o importe de 383,390,57 €, que se poden destinar a investimentos financeiramente sostibles, dos establecidos na disposición adicional décimo sexta da lei reguladora das facendas locais.

Neste momento, o concello ten previsto executar a conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral, cuxo investimento total ascende a 93.298,64 €, dos cales está concedida a subvención de 74.638,91 € pola

Xunta de Galicia tendo que aportar o concello 18.659,73 € que non están consignados no presuposto municipal deste ano.

Tendo en conta que o servizo de saneamento é un servizo mínimo obrigatorio reflectido no grupo 161 do presuposto municipal e polo tanto, é financeiramente sostible, propónse destinar parte deste superávit a financiar a achega municipal desta obra.

A Comisión de Contas na sesión que tivo lugar o 4 de xullo do 2016, informou favorablemente dita modificación.

A continuación o señor Canabal di que “imos a manter a nosa abstención a esta modificación orzamentaria.

Tal e como dixemos na Comisión de Contas poderíamos votar a favor desta modificación, posto que:

- Recolle o Plan PAI da deputación para a amortización de débeda bancaria.
- Aínda que se carga con cargo ao superávit 2015 a conexión de colectores de saneamento á rede xeral, por importe de 18.659,73 € e isto, tal e como se advirte no informe da Intervención “*si afecta á estabilidade orzamentaria pero non ao cómputo para a regra de gasto... pode darse o caso de que a inestabilidade se poida corrixir ao longo do exercicio orzamentario, segundo os ingresos que se obteñan*”. E é máis que probable que isto ocorra así, simplemente polo incremento na recadación do IBI Urbano.

Mais mantemos a abstención a esta modificación posto que a data de hoxe non temos aínda coñecemento pormenorizado deste proxecto e do mesmo xeito tamén dubidamos que este poida servir para reducir a contaminación que a Lavandería provoca sobre o regato Tilleira, e que poida polo tanto solucionarse aínda que parcialmente o problema existente e o fin no pago das multas aplicadas por Augas de Galicia.

Aproveitando xa o tema, cremos que este concello debera manter unha maior vixilancia tanto sobre a Lavandería como sobre a empresa que xestiona o servizo de sumidoiros, para que se empregaran todos os procesos de pre-tratamento necesarios para tentar non contaminar nin o regato nin á fin, ao propio río.

O señor Fernández Munín di que o seu grupo apoia esta proposta porque o proxecto é a única solución para arranxar ese problema.

Cos votos a favor do PP e coa abstención do grupo Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Aprobar o expediente de modificación de crédito nº 1/2016, tal como a continuación se detalla:

- a) Con cargo ao PAI (190.085,67 €):

Estado ingresos			Estado gastos		
Cap.	Denominación	Importe	Cap.	Denominación	Importe
9	Pasivos financeiros	190.085,67 €	9	Pasivos financeiros	190.085,67 €

- b) Con cargo ao superávit (491.400,83 €):

Estado gastos		
Cap.	Denominación	Importe
9	Pasivos financeiros	108.010,26 €
6	Conexión colectores de saneamento á rede xeral	18.659,73 €

2. Con estas modificacións o presuposto de ingresos e gastos queda tal e como a continuación se detalla:

Estado ingresos					Estado gastos				
Cap.	P.Inicial	Incremento	Dimin.	P.definitivo	Cap.	P.Inicial	Incremento	Dimin.	P.definitivo
1	765.000,00	--	--	765.000,00	1	1.271.455,43			1.271.455,43
2	15.000,00	--	--	15.000,00	2	1.193.850,00			1.193.850,00
3	425.473,43	--	--	425.473,43	3	9.000,00			9.000,00
4	1.357.707,00	--	--	1.357.707,00	4	30.500,00			30.500,00
5	3.000,00	--	--	3.000,00	5	--			--
6	--	--	--	--	6	595.015,35	18.659,73		613.675,08
7	559.015,35	--	--	559.015,35	7	--			--
8	3.000,00	--		3.000,00	8	3.000,00			3.000,00
9		190.085,67		190.085,67	9	25.375,00	298.095,93		323.470,93
Tot.	3.128.195,78	190.085,67	---	3.318.281,45	Tot.	3.128.195,78	316.755,66	--	3.444.951,44

3. Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web, durante quince días e consideralo definitivamente aprobado se durante este prazo non se presentan reclamacións

3.Modificación ordenanza reguladora do IBI (rústica)

O pleno da corporación na sesión celebrada o 14/09/2011 acordou aplicar aos bens rústicos:

1. O tipo de gravame do 0,44 %
2. A exención sempre que a coto líquida sexa inferior a 2 euros (cota agrupada relativa a un mesmo suxeito pasivo).

O pleno da corporación na sesión celebrada o 11 de maio 2016, aprobou a moción presentada polo Partido Popular, na cal entre outros puntos, establece a aplicación ás explotacións agrarias e gandeiras do coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3 % e de existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente aplicar será o mínimo esixible.

Certamente, na moción establece o tipo de gravame do 0,3 % que é exactamente o tipo de gravame mínimo que establece a Lei de facendas locais para os bens rústicos, mentres que a moción solicita o citado coeficiente do 0,3 % para as explotacións agrarias e gandeiras. Sen embargo, o tipo impositivo, debe ser o mesmo para todos os bens inmoables rústicos, polo que se propón modificar o tipo de gravame.

O señor Canabal di que: quede claro, tal e como dixemos no pleno de maio que damos apoio á baixada do IBI rústico, porque este grupo, se por algo se caracteriza, é por manter un mínimo de coherencia co que levamos exposto neste pleno no último ano en materia fiscal.

Mais temos que dicir que esta medida, así tomada en solitario, é unha medida “cosmética” cunhas aplicacións prácticas moi escasas, salvo a quen teña inxentes cantidades de terreos clasificados como rústicos, cousa que se nos antolla que non sucede en Boqueixón. Trátase pois, tan só, de pura propaganda.

Queda demostrado atendendo ao seguinte dato:

- Boqueixón recadou no pasado ano, en concepto de IBI Rústico 20.405,03 €.
- Cun tipo do 0,3% no canto do 0,44 como o existente na actualidade a recadación suporá 13.912,52 €, é dicir, os veciños de Boqueixón afórranse, agregadamente, 6.492,51 €.

Pode verse pois que o aforro “per-capita” é practicamente nulo.

Pola contra, e paralelamente a isto, o grupo de goberno solicita á Dirección Xeral do Catastro uns incrementos do 33% nos tres últimos anos sobre o IBI urbano, que é o que realmente ten maior poder recadatorio e o que grava máis aos veciños deste concello. Seguindo co mesmo argumento que empregamos para o IBI rústico:

- Boqueixón recadou no pasado ano, en concepto de IBI urbano 550.385,70 €, sendo a recadación no 2014 de 418.440,02 €. É dicir neste ano o incremento foi de 131.945,68 €, o que supón un incremento do 31,53%.
- Pois ben, non foi suficiente, senón que este ano incrementarían a recadación ao menos outro 10%.

En fin, non se pode considerar máis que de medida cosmética, ou xustificativa; baixamos 6.000 € no rústico para poder xustificar ante os veciños o incremento de varios centos de miles de euros en IBI urbano. É mais, se fixeramos unha imputación de custos (tempo aplicado a esta modificación * (soldo do alcalde, soldo do tenente de alcalde, soldo do funcionariado para redacción, informes... e dietas dos concelleiros), quizais o aforro (no primeiro ano) sexa realmente nulo.

En fin, imos pois votar a favor, mais queda claro que se trata dunha medida, por dicilo suavemente, de escaso efecto práctico.

E unha vez máis instamos ao goberno municipal a que deixen o seu actual sectarismo, lean e estuden as mocións e iniciativas que chegan a este concello, veñan de onde veñan, e non atendan tan só ás mocións tipo do seu partido. Mellor nos irá a todos.

O señor alcalde di que non é certo que o IBI urbano se incrementase nun 10 %, senón o 1,03 %, e solicita que deixen de ser tan sectarios.

O señor Sanjuás di que apoian esta proposta.

Cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

Primeiro – Modificar a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, reducindo o tipo de gravame dos bens inmobles rústicos ao 0,3 %.

Segundo – Expoñer esta modificación ao público durante 30 días mediante a súa publicación no BOP e no taboleiro de edictos e na páxina web do concello aos efectos de presentación de reclamacións e considerase este acordo definitivamente adoptado, m no caso de non presentar reclamacións.

4.Modificación ordenanza reguladora taxa piscina municipal, pavillón polideportivo

O pleno da corporación nas sesións que tiveron lugar o 18 de novembro do 1998 , modificada o 12 de xaneiro do 2004, (piscina) e o 18 de novembro do 1998, modificada

en 2004, 2010 e 2011, (pavillón) aprobáronse as ordenanzas reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de piscina municipal e do pavillón polideportivo e outras instalacións análogas.

En ditas ordenanzas regúlanse diferentes taxas según os usuarios estean ou non empadronados no concello, o cal é necesario proceder coa súa corrección coa finalidade de adaptalas á lexislación vixente.

Constan os correspondentes informes xurídico e de estudo económico sobre o custo ou valor do recurso ou actividade e a xustificación da contía, aínda que realmente as contías non varían, senón que tan só se elimina a discriminación existente.

O señor Canabal di que observando o tema das discriminacións de taxas por razóns de empadramento, vimos abondoso material xudicial, declarando esta discriminación inconstitucional. Explicitamente en toda esta doutrina atopamos que “existe un principio de reserva de lei, segundo o cal “non poden establecerse bonificación sen unha lei que o permita. En relación ás taxas, a única previsión na lei refírese a criterios de capacidade económica. A proposta de bonificación para os empadroados, infrinxe polo tanto, este principio.”

Porén e aínda estando máis ou menos de acordo con este principio, vemos que é necesario en ambos os servizos tratados, que se reserve unha prioridade aos empadroados no Concello. Igual que pode resultar altamente discriminatorio as bonificacións por razóns de empadramento, tamén o é, que non se poidan desfrutar das instalacións municipais por estar “eternamente” ocupadas.

E a raíz disto, seguimos insistindo na necesidade da progresividade das taxas municipais, que atendan á capacidade económica das familias. Non hai nada máis discriminatorio que un veciño non poida desfrutar das instalacións municipais por falta de “capacidade económica”.

É un tema este ao que instamos ao equipo de goberno así como aos servizos sociais, para que se busquen solucións e se redacten todas as ordenanzas atendendo aos principios de progresividade e capacidade económica.

Apoiamos, con estas reservas, a proposta exposta.

O señor alcalde responde que o departamento de servizos sociais é blindado e é o que máis medra economicamente e previo o informe da traballadora social, poderanse conceder as bonificacións e/ou exencións que se precisen.

Sen máis cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

A) Modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal no xeito de eliminar as diferenzas establecidas según se trate de residentes ou empadronados, tal como a continuación se detalla:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL

Art. 1.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 58. da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Boqueixón establece a taxa pola

prestación do servizo público pola utilización da piscina municipal, que se rexerá pola presente ordenanza.

Art. 2.- obrigados ó pagamento

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os que se beneficien dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este concello, a que se refire o artigo anterior.

Art. 3.- Contía.

a) A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada na tarifa expresada no apartado seguinte:

1. **ENTRADA : 3,71 €**

2. BONO INDIVIDUAL:	(con dereito a 20 entradas):	
	{ adultos	12,34 €
	{ nenos ata 16 anos.....	6,17 €

3. BONO FAMILIAR: Con dereito, así mesmo, a 20 entradas

* Bono pai e Nai..... **15,43 €**

* Cota 1º fillo..... **6,17 €**

* Cota 2º fillo..... **3,09 €**

* Cota 3º fillo (ou máis)..... **0 €**

A condición de abonado adquirírase tralo pagamento do prezo correspondente.

4. CURSOS NATACIÓN

Nenos/as: 5 € ao mes, por cada día da semana que se imparta o curso

Adultos/as: 12 € ao mes, por cada día da semana que se imparta o curso

5. CARNÉ XOVEN

Tódolos mozos que acrediten estar en posesión do carné Xoven terán un desconto do 25%.

5.- Obriga do pagamento

- A obriga do pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace dende que se presta ou realice calquera dos servizos ou actividades especificados nos artigos anteriores
- O pagamento do prezo efectuarase no momento de entrar no recinto da piscina municipal.

Disposición Derrogatoria:

Queda derogada a Ordenanza Fiscal Reguladora do prezo público pola prestación do servizo público da piscina municipal

Disposición Final:

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

B) Modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de actividades culturais e deportivas no xeito de eliminar as diferenzas establecidas según se trate de residentes ou empadronados, tal como a continuación se detalla:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA PARA A PRESTACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

Artigo 1 Concepto

De conformidade co previsto no artigo 56 da Lei 2/2004, de 5 de marzo , reguladora das facendas locais, o Concello de Boqueixón establece a taxa pola utilización do pavillón municipal.

Artigo 2 Feito imponible

Constitúeo a utilización do pavillón polideportivo de propiedade e xestión municipal.

Artigo 3 Obrigación de contribuír

Orixínase pola utilización do pavillón polideportivo municipal do Concello de Boqueixón.

Artigo 4 Suxeito pasivo

Están obrigados o pagamento:

- a) As persoas naturais ou xurídicas que soliciten a utilización das instalacións.
- b) As entidades, organismos, asociacións, federacións, clubs, etc, en nome das que solicite no concello autorización para a utilización das instalacións.

Artigo 5 Base de gravame e tarifas:

A) Instalacións deportivas

1) Instalacións do ximnasio municipal:

- Sala de actividades monitorizadas, 12 euros/mes; comprende unha hora de actividade á semana. Seis euros máis pola segunda actividade. As actividades que requiran dun monitor alleo ao concello, terán uns prezos especiais dependendo do tipo de actividade e do número de alumnos.
- Sala de musculación 12 euros/mes.
- Pista de pádel 5 euros/hora.

2) Campo de fútbol:

- 30 euros sen luz, medio campo.
- 40 euros con luz, medio campo.(2 focos) , 60 € torre completa.
- 60 euros sen luz, todo o campo.
- 70 euros con luz todo o campo.(2 focos) , 90 € torre completa.

Os horarios de luz son: sen luz ata as 17:00 horas.Con luz desde as 17:00 horas ata as 23:00 horas.

3)Pavillón polideportivo:

7 euros hora polo consumo de enerxía eléctrica.

4) Aluguer das instalacións para actividades alleas ao concello, 200 euros/día

B) Espectáculos deportivos especiais e culturais alleos ó concello:

- a) Con entrada libre: 18,51 €/hora
- b) Sen entrada libre: 30,86 €/hora

Artigo 6 Exencións e bonificacións

Non estarán suxeitas a esta taxa as utilizacións das instalacións que correspondan:

- 6.1) Horas destinadas á educación física escolar ou actividades escolares dos centros de ensaios coa supervisión dun profesor, en horario lectivo.
- 6.2) Actividades de clubs deportivos entidades coas que se conveñan algún tipo de actividades (escolas deportivas, actividades do deporte de base, etc)
- 6.3) Actividades de colectivos especiais.
- 6.4) Actividades deportivas doutros departamentos municipais.
- 6.5) As actividades non deportivas autorizadas expresamente polo concello.

Os interesados na obtención de exencións ou bonificacións sobre o importe das tarifas deberán solicita-lo ó concello facendo constar as circunstancias que xustifiquen a súa solicitude.

Artigo 7 Disposición adicional, primeira.

- A taxa orixinarase no momento en que se inicie a prestación do servizo.
- O concello poderá esixir un depósito previo ós organizadores dalgún acto feito nas súas instalacións.

Artigo 8 Disposición adicional, segunda.

Os usuarios deberán abonar as tarifas nas oficinas municipais o na conta bancaria disposta polo concello, cando obteñan a correspondente autorización de uso.

Artigo 9 Disposición adicional, terceira.

As débedas por este concepto poderanse esixir pola vía de prema.

Artigo 10 Disposición adicional, cuarta.

A non celebración do espectáculo só dará dereito á devolución da taxa pagada cando sexa o propio concello o responsable, non tendo dereito o solicitante a reclamar por danos e perdas, sempre que a anulación do permiso se notifique con 24 horas de antelación.

Disposición derogatoria:

Queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa para prestación do pavillón polideportivo e outras instalacións análogas, anteriormente aprobada.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa íntegra publicación no BOP, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

C) Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de edictos e na páxina web do concello, durante 30 días e considerase o acordo definitivamente adoptado no caso da non presentación de alegacións ou reclamacións.

5.Recoñecemento extraxudicial crédito

Con data 29 de xaneiro 2016 SOGAMA emite unha factura con data de expedición 31/12/2015 correspondente a tratamento R.U do mes de decembro, por importe de 8.315,00 €.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 4 de febreiro 2016 apróbase dita factura para o seu aboamento con cargo ao presuposto 2015, posto que nese momento, contablemente dispoñíase de crédito.

Posteriormente, dos datos contables dedúcese que non existe tal crédito presupostario polo que se tivo que imputar ao presuposto 2016, o cal, por erro se efectuou sen sometemento a recoñecemento extraxudicial tendo en conta, así mesmo, que se debe cumprir a lei de morosidade.

Polo que, aínda tendo aboada a esta data a referida factura con cargo ao presuposto 2016, propónse ao pleno ratificar o recoñecemento de crédito correspondente a dita factura con cargo ao presuposto 2016.

O señor Canabal di que “parece ser que o outro día cando poñía de exemplo esta factura na Comisión de Contas, tiña razón, que se trataba dunha factura do 2015 que fora contabilizada no 2016. De aí ben a modificación, aínda que se me antolla que esta non é a única.

Dicíalles nos tres plenos pasados, dirixíndome aos concelleiros máis novos aquí, que o recoñecemento extraxudicial de crédito, é un ritual anual que se consuma nos 3 ou incluso 4 primeiros plenos de cada ano. É dicir, chegarán pois ata os plenos de maio ou xullo, aínda que de seguir así, non sei se chegaremos a decembro.

E en canto ao estrito, ao recoñecemento extraxudicial de crédito, reiterar o que temos amosado en sesións pasadas, que este recoñecemento extraxudicial como todos os concelleiros deben saber xa por reiteración, non é porque as facturas chegaran tarde, senón porque se están aprobando gastos que non estaban orzamentados nos orzamentos de 2015 (o cal é claramente ilegal) e todo iso, pese ás 3 modificacións orzamentarias que tivo o orzamento de 2015.

E xa paso, e para que conste literalmente en acta a ler a ladaiña que levo soltando aquí dende o ano 2003:

- O propio Consello de Contas de Galicia, ten reflectido no informe de fiscalización a este concello que “o recoñecemento extraxudicial de créditos é reflexo dunha situación de deficiente xestión municipal que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario”.
- Aínda que como é lóxico, esta figura existe e aparece dentro da lexislación referida ás facendas locais, está permitido “excepcionalmente” pola lei como medida de protección dos intereses de terceiros (é dicir, en protección dos fornecedores deste Concello).
- Mais a súa aplicación, e así está recoñecido na xurisprudencia e nos diversos informes do propio Consello de Contas de Galicia, “*supón unha quebra do propio concepto de orzamento e dos principios de anualidade e especialidade cualitativa e cuantitativa*”.

Se analizamos o grao de “excepcionalidade” vemos que no Concello de Boqueixón non se cumpre:

- Dende o ano 2000 o concello de Boqueixón recoñeceu extraxudicialmente **3.379.391,373.410.518,87 €** o que supón un promedio (2000 – 2015) de **213.157,43 €** movidos dun ano para o seguinte. É dicir, ilegalmente, e fóra dos orzamentos.

- No que vai de exercicio este pleno aprobou por esta figura excepcional **272** facturas por un importe de **115.201,79 €**.

Deixo a continuación o relatorio (de momento) dos recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o ano 2000, simplemente para a súa incorporación á acta desta sesión.

ANO	REC
2000	51.086,03 €
2001	210.354,24 €
2002	276.465,57 €
2003	211.948,54 €
2004	471.508,78 €
2005	127.291,12 €
2006	223.040,71 €
2007	196.060,25 €
2008	748.239,16 €
2009	290.082,17 €
2010	131.816,17 €
2011	62.955,19 €
2012	95.765,04 €
2013	79.397,65 €
2014	119.306,46 €
2015	115.201,79 €
TOTAL	3.410.518,87 €
PROMEDIO 2000 – 2015	213.157,43 €

Obvio pois recordarlle que isto racha o principio de anualidade do propio orzamento, e que despois do dito nestes anos, fan recoñecementos extraxudiciais de crédito masivos a sabendas de que é un acto irregular e ilegal.

En canto á orixe destas facturas dicir que son case todas de enerxía eléctrica. Quedan tamén para a acta deste pleno as contías das tres empresas eléctrica facturas que foron pagadas en base ao REC do presente ano:

Etiquetas de fila	Suma de IMPORTE
CHC ENERGIA UDESA E GRES	12.103,47 €
GAS NATURAL S.U.R. SDG, SA	25.866,59 €
GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	45.547,98 €
Total xeral	83.518,04 €

Polo tanto mentres non se incremente a conta 221.00, non poderán deixar de empregar este recurso que é claramente ilegal.

E non o fan, porque non poden, porque racharían coa regra de gasto, esa regra que vostedes votan como se fora unha “cuestión de fe”, e que é un atentado contra da razón.

Polo tanto, seguimos agardando a que pase algún organismo fiscalizador e lle poña as pilas. Porque sinceramente, non se nos ocorre como dicilo para que vostedes tenten corrixir o que a todas luces é unha ilegalidade.

Segue dicindo o señor alcalde que agradece, sobre todo, o traballo que realiza o departamento de contabilidade, que trátase simplemente, dun erro e que se o grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón detectou erros, é unha demostración de que teñen acceso, a toda a documentación contable e de que se procura facer ben o traballo e sen ocultar nada, E so quero (di o señor alcalde) recoñecer o traballo do servizo de contabilidade deste concello.

Segue dicindo o señor alcalde que o recoñecemento extraxudicial de crédito é legal e non se pode atacar ao persoal do servizo de contabilización porque vostede detectara ese erro.

O señor Canabal di que certamente a lei contempla o recoñecemento extraxudicial, pero para casos puntuais e que el non ataca ao persoal e que non existe un so erro, senón que existen moitos, e se detecta algún erro el ten que dicilo.

Sen máis procédese coa votación e cos votos en contra do grupo Veciñ@s de Boqueixón e a favor do PP acórdase recoñecer o crédito correspondente do importe de 8.315,00 € correspondente ao tratamento R.U. do mes de decembro do 2015.

6.Rexeitamento recurso de reposición presentado polo Sr. Raviña Rubio

Neste punto abandona o salón de plenos o señor alcalde por ser parte interesada no SAUI-2.

Dáse conta do recurso de reposición presentado polo señor Raviña Rubio contra o acordo plenario do 11 de maio do 2016, no que se prorroga dous anos máis o prazo para o inicio das obras de urbanización e presentación de aval, do polígono SAUI-2 .

A continuación o señor Canabal di: “Dicíamos no pleno pasado, e tamén hai dous anos, que o aprazamento do inicio das obras do SAUI-2 se me antollaba certamente raro. En canto ao punto de vista de xurídico, o acordo que se adoptou, antóllasenos claramente ilegal polas seguintes razóns:

- 1.- A previsión da Lei 9/02 (art. 128 LOUGA) para os casos nos que os particulares incumpren as súas obrigas é o cambio de sistema, non a suspensión de prazos para urbanizar e/ou garantir a urbanización. A solución que se propón pola Alcaldía é unha ocorrencia, e ademais é contraria á lei.
- 2.- Si o concello non ten medios sempre se pode tratar de licitar o desenvolvemento do polígono para seleccionar unha empresa interesada.
- 3.- Non se pode modificar o plan de etapas do Plan de Sectorización por dúas razóns: a primeira, porque sería un acto nulo de pleno dereito, por infracción absoluta de procedemento (art. 62.1. da Lei 30/92) xa que para modificar o plan de sectorización debe seguirse o mesmo procedemento previsto para a súa aprobación, como di o art. 93.4 da LOUGA; e a segunda porque o Plan de Sectorización prevé unha única etapa.

4.- A suspensión que se propón, tal como se expón, ten carácter indefinido, porque xa se prevé a súa renovación posterior sine die. Prorrogado no pleno de maio.

Por estes motivos solicitabamos a retirada deste punto da orde do día, e o estudo pormenorizado das opcións legalmente previstas na lei, posto que a proposta así exposta é claramente ilegal, e mesmamente podería constituír un feito delituoso para os concelleiros que tomen o acordo tal e como está exposto.”

Aínda que como sempre, nada pasa por tomar acordos contrarios á Lei, o que si é certo é a interpretación política que facía hai dous anos, e que se trata dunha patada cara adiante, para o que veña detrás que arree. Non nos enfrontamos a un problema, e seguimos, tras 13 anos, sen contar cunha área de desenvolvemento industrial, e tendo perdido varias opcións para que se desenvolvera esta zona industrial. Se despois disto, non podo chamarlles claramente incompetentes, creo que nunca poderei.

Mais o recurso de reposición que se presentou contempla unha novidade. Esta é a estimación parcial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anulando a aprobación definitiva do Proxecto de Compensación.

Facemos pois unha análise, non dende o punto de vista xurídico, senón do sentido común. Podemos equivocarnos nas implicacións xurídicas máis creo que non.

1. O fallo do TSXG deixa perfectamente claro que se anula o Proxecto de Compensación do SAUI-2. Deste xeito, e textualmente o fallo di: “Estimamos parcialmente o recurso de apelación interposto por ... contra a sentenza ditada o 27/01/2012 polo Xulgado do Contencioso Administrativo ... que en parte revocamos; e estimando tamén parcialmente o recurso contencioso – administrativo interpostos polos citados contra os acordos do Concello de Boqueixón... , anulamos o primeiro, por non ser conforme a dereito, en canto da aprobación definitiva ao Proxecto de Compensación do Polígono SAUI-2, desestimándoo en todo o demais”. Certo é que todo o demais debe ser o do Patrimonio Municipal do Solo e outros considerandos que se facía referencia na apelación. Pero o que non parece caber dúbida é que o TSXG anula o Proxecto de Compensación.
2. Toda vez que o proxecto de Compensación está anulado, entendemos, salvo consideración xurídica en contra, que todos os actos posteriores a este proxecto de compensación estarán tamén anulados. Porque entendemos que, e tal e como se recolle neste Recurso de Reposición “non se poderá urbanizar sen previamente equidistribuir.
3. Deste xeito, e insistindo en que non somos xuristas, e que haxa preceptos legais que demostren o contrario, entendemos que temos que retrotraernos a antes da Aprobación definitiva do Proxecto de Compensación posto que está anulado, e comezar desde este punto toda a tramitación pertinente. Non cabe pois rectificadros a medias, senón o cumprimento da sentenza, que para nós, e no referido á anulación deste Proxecto de Compensación é clara.

Abondando máis na proposta que hoxe se presenta ao pleno, temos que dicir tamén que a proposta que se trae ao pleno carece ao noso ver, dun só fundamento xurídico que contradiga o propio recurso de reposición. É dicir, é para entendernos todos, non se contesta a ningunha das alegacións expostas no presente recurso.

Neste punto, e como tamén fun prexudicado en certos momentos por esta forma de rexeitar recursos, queremos tamén dicir que esta forma de actuar, aparte que pode ser constitutiva de delitos graves de administración, é unha falta de respecto ao cidadán que

recorre algún acordo. Por iso que instamos aos servizos xurídicos do concello a que sexan un pouco máis profesionais nestes temas, e que antes de rexeitar, fundamenten xuridicamente as súas decisións.

Para rematar co tema, dicir tamén que saber que se realizou hoxe pola mañá unha Asemblea do SAUI-2 para aprobar a modificación do proxecto de compensación do SAUI-2, parécenos algo raro.

Por outro lado, vendo todo o que ten pasado co Polígono, que non está aínda rexistrado no Rexistro da Propiedade, por graves erros (polo que temos visto), que se teñen votado ata as medicións... e que levamos 13 anos e moitas oportunidades perdidas, non deixa de indicarnos o grao de incapacidade deste Concello para ter desenvolvido un proxecto de xeración de riqueza para os nosos veciños. Aquí si vemos clara incompetencia.

Nada máis, votamos en contra deste rexeitamento, e reiteramos que esta proposta non presenta nin un fundamento xurídico que conteste (tanto en senso positivo como negativo) as alegacións nel prantexado. E isto, como xa se dixo, é unha falta absoluta de respecto ao cidadán.

O señor Canabal di que a proposta carece de fundamentación xurídica ao que responde a secretaria que si consta e a mesma fundamentación a constitúen as dúas sentenzas recaídas sobre o mesmo acordo adoptado non pleno anterior, e que de non adoptar este acordo, entraría en vigor o anterior e en consecuencia habería que iniciar a execución porque o proxecto de urbanización non foi anulado.

O señor Canabal di que se a sentenza anula o proxecto de compensación enténdense anulados todos os actos posteriores e polo tanto, tamén o proxecto de urbanización.

A isto respóndelle a secretaria, que iso non é certo, pois a propia lei de réxime xurídico das administracións públicas, establece que a nulidade ou anulabilidade dun acto non implica a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro.

O señor Fernández Munín di que se fían do equipo xurídico do concello polo que votan a favor desta proposta.

Sen máis, cos votos en contra de Veciñ@s de Boqueixón e a favor do PP, e tendo en conta os seguintes:

Antecedentes

1.- A Xunta de Goberno en sesión celebrada o 7 de marzo de 2013 aprobou o proxecto de urbanización do SAUI-2.

2.- O 14 de xuño de 2013, a xunta de compensación do SAUI-2, solicita o aprazamento do inicio das obras e da presentación do aval do 20% (2.740.296,82 €).

3.- O Pleno celebrado o 10 de xullo 2013, acorda autorizar a suspensión temporal do inicio das obras, establecendo un prazo de **3 anos**, susceptible de prorrogas por períodos de **dous anos**, sempre que se acrediten as mesmas dificultades económicas para financiar as obras e presentar o aval.

Contra esta acordo, don José Manuel Raviña Rubio interpuxo recurso de reposición o cal foi rexeitado en xunta de goberno celebrada o 13 de novembro de 2013. Contra este acordo o Sr. Raviña interpón recurso contencioso – administrativo P.O 181/2014 e con

data 02/01/2015 ditase sentenza desestimando o citado recurso contencioso. Contra esta sentenza o Sr. Raviña interpón recurso de apelación, sendo novamente desestimado por sentenza do T.S.X.G de data 5 de novembro de 2015.

4.- Con data 8 de marzo 2016, a xunta de compensación, presenta un escrito solicitando a prorroga de dous anos máis para o inicio das obras e a presentación do aval. Acredita a denegación das entidades bancarias da concesión do aval.

5.- O Pleno da corporación en sesión celebrada o 11 de maio 2016, acorda prorrogar dous anos máis o prazo para o inicio das obras e a presentación do aval.

6.- Con data 1 xullo 2016, ten entrada no rexistro municipal un recurso de reposición presentada por Sr. Raviña contra o acordo do pleno do 11 de maio 2016, solicitando **anular** o acordo impugnando e requirir á xunta de compensación para proceder a tramitar e aprobar un novo proxecto de compensación .

Fundamentos xurídicos

1/ En primeiro lugar débese ter en conta o fallo da complexa sentenza do T.S.X.G do 10 de marzo de 2016, que **estima parcialmente** o recurso de apelación interposto por don José Raviña Devesa contra a sentenza do 27/01/2012, ditada no recurso contencioso - administrativo contra o acordo da xunta de goberno do 03/09/2008.

O T.S.X.G anula o acordo da X. G do 03/09/2008 en canto da aprobación definitiva do proxecto de compensación, desestimando en todo o demais. Convén recordar que dito acordo refírese a 7 puntos, sendo unicamente o nº 4 a “aprobación definitiva do proxecto de compensación SAUI-2...” As sentencias deben executarse no sentido estrito establecido no **FALLO**.

Non obstante, cando o fallo é de difícil interpretación deberá acudir aos fundamentos xurídicos, e neste caso do fundamento xurídico sétimo da sentenza do T.S.X.G nº 168/2015 de data 10/03/2016 recurso de apelación nº 4207/2012, dedúcese o sentido da execución da mesma.

2/ En base a esta sentenza solicita o recorrente que se anule o acordo plenario que prorroga dous anos máis o prazo para iniciar a execución das obras e a execución das obras e a presentación do aval.

Sen embargo, parece non ter en conta o recorrente que, se se anula o acordo plenario de 11 de maio 2016, entraría en vigor o anterior acordo plenario do 10 de xullo 2013 e consecuentemente terían que iniciarse as obras de urbanización e presentarse o aval por ter transcorridos os tres anos. A máis abundancia, débese ter en conta, así mesmo, que o proxecto de urbanización quedou definitivamente aprobado o 7 de marzo de 2013 e a sentenza do T.S.X.G só anula a aprobación definitiva do proxecto de compensación non sentido que se indica no anterior fundamento xurídico primeiro, pero non fai alusión ao proxecto de urbanización que a esta data segue manténdose.

3/ En canto ao requirimento á xunta de compensación para que proceda a tramitar e aprobar o proxecto de compensación, xa se ten solicitado e con data 6 de xullo deste ano recíbese no concello a convocatoria da asemblea xeral a celebrar o día 13.07/2016, na cal se inclúe na orde do día o punto “ aprobación modificación proxecto de compensación do SAUI 2...”.

ACÓRDASE:

1. Rexeitar o recurso de reposición presentado o día 27/06/2016 (registro xunta de Galicia), recibido no concello o 1 de xullo 2016, registro entrada nº 1365, por don José Manuel Raviña Rubio contra o acordo plenario do 11 de maio 2016 polo que se acorda prorrogar dous anos mais o prazo para o inicio das obras de execución do proxecto de urbanización e a presentación do aval.
2. Comunicar este acordo ao sr. Raviña Rubio, aos efectos que estime oportunos.

7.Ratificación de acordo adoptado na Xunta de Goberno do 7 de xullo do 2016

Neste punto reincorpórase ao pleno o señor alcalde.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno do 7 de xullo, aprobando o convenio de colaboración con Augas de Galicia para a execución da actuación de mellora do saneamento en Lestedo e Sergude e nova rede saneamento noutras parroquias.

Di o señor alcalde que isto permítenos programar un investimento importantísimo para o concello, e se se ratifica no Consello da Xunta de Galicia, será Augas de Galicia quen redacte o correspondente proxecto.

O señor Canabal di que posto que foi moi longo o debate do punto anterior, tampouco queremos monopolizar este pleno. Polo tanto imos tentar ser breves.

En primeiro lugar queremos que quede perfectamente claro que o noso grupo non pretende, nin pretenderá bloquear proxectos de investimento neste Concello.

Imos a abstermos na ratificación do acordo adoptado, porque queremos chamar a atención de varias cuestións:

1. Este pleno de Boqueixón votou por unanimidade unha moción presentada polo grupo de Veciñ@s presentada no pleno de setembro de 2015, onde se establecían unha serie de prioridades para o POS 2016 (que foron incumpridas) e encargaba ao propio pleno un informe sobre a priorización dos investimentos deste concello. A esta data, o equipo de goberno segue incumprindo os propios acordos do pleno, e aínda non se nos citou para facer este informe de prioridades nos investimentos públicos.
2. Dende o punto de vista dos saneamentos no rural, temos que dicir que cada vez estamos máis preocupados nas súas execucións, porque son máis as voces que aconsellan outros sistemas de saneamento contra dos do tipo convencional. Estas alternativas, que xa están a ser unha realidade son moito máis eficientes dende o punto de vista económico e tamén ecolóxico. Entón, e sen atrevernos a dicir tampouco que non se poden facer saneamento, si debéramos facer unha serie de reflexións, políticos e técnicos, para ver cales son as mellores alternativas de saneamento para o noso concello.

Por estes dous motivos, así expostos moi esquematicamente é polo que nos abtemos na ratificación deste acordo.

Coa abstención de Veciñ@s de Boqueixón e cos votos a favor do PP acórdase aprobar o seguinte convenio de colaboración coa entidade pública Augas de Galicia.:

APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SANEAMENTO EN LESTEDO E SERGUDE E NOVA REDE SANEAMENTO NOUTRAS PARROQUIAS

1. Aprobar a memoria valorada das obras de saneamento no concello de Boqueixón, cun importe de 1.011.888,14 €.
2. Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o concello de Boqueixón para a execución da actuación de mellora e optimización do funcionamento do sistema de saneamento das parroquias de Lestedo e Sergude e de nova rede de saneamento noutras parroquias. Concello de Boqueixón, cofinanciado polo fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER), no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia (2014 – 2020):

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Ovidio Rodeiro Tato, alcalde do concello de Boqueixón, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O concello de Boqueixón ten atribuídas competencias en materia de saneamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Segundo.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

Terceiro.- A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto.- O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto.- As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75% do gasto elixible, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión de execución da Comisión do C(2015) 8144 final.

Sexto.- As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na mellora e optimización do funcionamento do sistema de saneamento das parroquias de Lestedo e Sergude, e na execución de nova rede de saneamento en puntos do rural que aínda non dispoñen dela.

O obxectivo destas obras é mellorar as condicións de vida nestas zonas de Boqueixón, dotándoas de redes de saneamento, eliminando puntos de vertido, e mellorando o funcionamento dos existentes e, con elo, mellorando a calidade das augas dos ríos da contorna.

En consecuencia, a execución das obras de saneamento obxecto deste Convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.

Non obstante, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, o Concello e Augas de Galicia, cada unha dentro do seu ámbito competencial de acordo co exposto nas cláusulas anteriores, así como o deber de colaboración entre administracións establecido na normativa de aplicación, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Boqueixón para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Mellora e optimización do funcionamento do sistema de saneamento das parroquias de Lestedo e Sergude e de nova rede de saneamento noutras parroquias. Concello de Boqueixón (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.
As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.
2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de

recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

4. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 30 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
4. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.
No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.
5. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
6. Unha vez dea comezo a explotación das obras de referencia, establecer ou actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras de referencia.

7. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.
8. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
9. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES EN RELACIÓN Á NORMATIVA REGULADORA DO FEADER

As partes asumen as obrigas que lle corresponden conforme a normativa reguladora do FEADER, en particular:

1. As de información e publicidade dispostas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014
2. As relativas aos investimentos previstas no artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro
3. As estipuladas no Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo
4. As previstas no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/82013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013.

QUINTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estes proxectos, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido para o proxecto primitivo nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

SEXTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 1.000.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2016	50.000,00
2017	300.000,00

2018	300.000,00
2019	350.000,00

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo coas seguintes porcentaxes do gasto elixible:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020 . As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 “servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais”, Submedida 7.2 “apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía”.
- Por Augas de Galicia nun 17,50 %
- Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%

As citadas actuacións executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº1698/2005 do Consello e o resto da normativa comunitaria de aplicación. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación aos FEADER. Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do fondo europeo citado, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

SÉTIMA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de

carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e da normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do Concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o Concello, a partires desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao Concello, as competencias relativas á inspección facultativa das mesmas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

OITAVA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

- Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2019. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula sexta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sétima deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

A presidenta de Augas de Galicia

O Alcalde de Boqueixón

Beatriz Mato Otero

Ovidio Rodeiro Tato

8.Festivos locais 2017

Con data 23 de xuño de 2016, rexistro de entrada nº 16/1303, recíbese no concello a escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xefatura Territorial da Coruña, pola que se solicita ao Concello de Boqueixón que designe os dous días de festa local no municipio no ano 2017.

No presente ano 2016 establecéronse como festivos locais o San Vicente (22 de xaneiro) e o 5 de maio (Ascensión).

Tendo en conta que o 22 de xaneiro, no ano 2017 coincide en sábado, cos votos a favor de todos os presentes acórdase designar festivos locais para o ano 2017:

- 28 de febreiro – Martes de entroido
- 25 de maio – A Ascensión

9.Mocións número 16/1000 e número 16/1438 presentada polo agrupación municipal Veciñ@s

A) Mocións número 16/1000, sobre os procesos de selección de persoal do concello ou adscrito a entidades dependentes.

Defende esta moción a concelleira M^a Carmen Soutullo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos procesos de selección de persoal municipal, ou adscrito a entidades dependentes do ámbito municipal (*obradoiros, empresas participadas, etc.*), unha das pezas fundamentais é a entrevista persoal. De feito, é esta entrevista, de carácter subxectivo, a que soe decidir os procesos de selección.

A recente reforma laboral introduce unha modificación na Lei de Infraccións e Sancións da Orde Social, pola que certas preguntas de carácter persoal consideraranse ILEGAIS, polo que os entrevistados poderán negarse a contestalas, e inclusive adquiren o dereito de demandar á empresa que realiza a entrevista.

Atendendo á citada reforma laboral, a Inspección de Traballo "*considerará como certas*", as acusacións de parte do entrevistado, polo que será a empresa a que deba probar que o obxecto da denuncia é falso.

O entrevistado, non soamente non está obrigado a contestar certas preguntas de carácter persoal, senón que AGORA ADEMAIS PODERÁ DEMANDAR Á EMPRESA QUE AS FAGA.

Ademais, atendendo a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais, o entrevistado pode acudir ás entrevistas de traballo provisto de gravadora e gravar toda a entrevista de principio a fin (*NON fai falta avisar de que vas gravar A túa PROPIA conversa*).

Da mesma maneira, cando acontece unha teórica reclamación por mor dos propios coñecementos testados na entrevista, inclusive de maneira comparativa entre o conxunto dos entrevistados, o demandante non conta cunha ferramenta efectiva que lle permita realizar unha reclamación coherente (*a menos que de maneira voluntaria decidira realizar unha gravación da súa propia conversa cos entrevistadores, ao que como xa vimos ten dereito, pero neste caso, un teórico xuízo no que se analiza ra comparativamente aos candidatos, non contaría co conxunto das entrevistas, para testar a validez e xustiza do proceso*).

É por isto que estandarizar un sistema de gravación audiovisual da fase de entrevista en todos os procesos de selección de persoal que atinxan ao concello, respectando a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais resultará de sumo interese para garantir o dereito de acceso xusto á postos de persoal laboral. Dotando ao concello dunha estrutura de transparencia absoluta en todo o proceso, e permitindo ás persoas que realizan o

proceso de selección un acceso á defensa xusta, reducindo o factor de subxectividade do sistema de entrevistas persoais.

Para garantir a viabilidade da presente moción, o Grupo Municipal de Veciñ@s presenta no ANEXO I un informe xurídico sobre a creación dun rexistro de gravacións de probas orais de selección de persoal emitido pola letrada Rogelia M. Perez Grela avogada colexiada e especializada en dereito de protección de datos e novas tecnoloxías.

As conclusións do informe xurídico que acompañan á moción son:

- Estimase procedente conforme a LOPD a creación dun rexistro electrónico das probas orais.
- Para a creación de dito rexistro terán que cumprirse as previsión da LOPD e o seu regulamento de desenvolvemento.
- Acredítanse os numerosos beneficios que poden extraerse da gravación de ditas probas para asegurar a igualdade de oportunidades, a transparencia administrativa e a tutela xudicial efectiva.

Ademais do anteriormente exposto, presentamos unha serie de medidas complementarias que axudarán a transparentar os procesos de contratación de persoal.

Por todo o exposto, e amparados na viabilidade tanto no plano do dereito laboral, como no relativo a Lei Orgánica de Protección de Datos solicitamos o apoio do pleno para aprobar os seguintes acordos:

1. As bases da convocatoria para cubrir prazas de funcionarios ou persoal laboral, serán aprobadas polo Pleno da corporación. *Cando pola urxencia derivada da necesidade de cubrir temporal ou interinamente unha vacante non contemplada na oferta de emprego público, ou pola necesidade de cubrir unha substitución, non se poidan aprobar as bases da convocatoria en Pleno, aprobaranse por unha comisión creada ó efecto con representación de todos os grupos políticos e voto ponderado.*
2. O Concello arbitrará os mecanismos para cubrir as substitucións que se produzan no persoal por baixas, excedencias, vacacións ou permisos, elaborando unha lista de espera co persoal que aprobou sen praza o último procedemento selectivo; *onde isto non sexa viable, por ter sido hai máis de 2 anos este proceso, ou por non haber persoal con probas superadas para elaborar esa lista, elaboraranse unhas bases sinxelas para a creación de listas de cobertura temporal, polo procedemento marcado no punto 1.*
3. As convocatorias de prazas e as súas bases serán obxecto da máxima difusión e publicidade, no taboleiro de anuncios do concello e nos diversos locais municipais, taboleiros das parroquias, páxina web... ademais do obrigatorio anuncio no BOP, *e da posible e desexable difusión nos diarios de maior tirada local.*
4. O prazo para a presentación de instancias dos posibles aspirantes desde a publicación da convocatoria non será nunca inferior a 15 días, e será como mínimo dun mes para as prazas integradas na Oferta de Emprego Público.
5. A publicidade para a cobertura de prazas temporais de Plans de Cooperación e Fomento do Emprego da Xunta de Galicia, Obradoiros de Emprego, etc, será tamén como no punto 3 (agás no que se refire a BOP), indicándose como é o procedemento de selección.
6. Realizar, de acordo ao informe xurídico sobre a creación dun rexistro de gravacións de probas orais de selección de persoal emitido pola letrada Rogelia

M.Perez Grela, e incluído no ANEXO I do presente documento, en particular en relaciónao apartado C.- *“Análise do cumprimento das obrigacións impostas pola LOPD para a gravación das probas de selección”*, a gravación de todas as entrevistas persoais de todos os procesos de selección nos que participe o Concello, *tanto de maneira individualizada, como coordinada con outros concellos, de maneira que esta medida sexa condición indispensable para realizar colaboracións inter-municipais de selección de persoal laboral, tanto de duración determinada como indefinida, e independentemente de onde proceda a fonte de financiamento destas contratacións.*

E para que así conste aos efectos oportunos, asina a presente moción

En Boqueixón, o 26 de maio de 2016.

Perfecto Barcala Mosquera

Maricarmen Soutullo
Carolo

Xabier Canabal Fernández

Dita moción acompáñase de informe xurídico emitido pola letrada *Rogelia M. Perez Grela avogada colexiada no Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, especializada en dereito de protección de datos e novas tecnoloxías*).

Segue dicindo a señora Soutullo que quixera comentar é que nos procesos de selección de persoal, e tamén nas contratacións de bens e servizos, estamos vendo ao longo deste ano, procesos con prazos curtos , de tan só 5 días, para a presentación de instancia e documentación necesaria. Pode faltar documentación e non hai tempo nese prazo tan curto de aportala e hai que ter en conta que se valora en referencia a documentación presentada.

Por outro lado, e no referido á selección de persoal, tamén observamos que se o traballador ten experiencia nunha empresa privada valórase con 0,75 puntos e se esta é na pública con 1 punto. Pensamos que isto e discriminatorio pois a experiencia debería valorarse de igual forma sexa na empresa pública ou privada.

E o que é máis grave de todo, para todas as obras feitas polo concello estase a utilizar o proceso negociado sen publicidade que, se ben xa sabemos que o contempla a lei, pero debera empregarse só para casos excepcionais e non para toda obra pública como se fai neste concello. Por unha cifra, pensamos que toda obra que excedera dos 60.000 € debería de ir a mesa de contratación. E se o problema fora pagar as dietas por asistencia, poderíamos renunciar a elas.

Por último dicir que á moción, presentamos un informe xurídico que axuntamos a esta moción e que é suficientemente claro no tocante o total cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais. Neste informe están totalmente acreditados os beneficios que se poden extraer das gravacións de ditas probas para asegurar a igualdade de oportunidades e a transparencia administrativa.

Por iso solicitamos o apoio desta moción.

O señor alcalde di Manifestar que nos criterios de selección de persoal temos que puntualizar o seguinte:

1. Os plenos do concello , como vostedes ben coñecen teñen lugar cada dous meses. En moitas ocasións requírese proceder a convocar prazas laborais temporais sen ter que aprobar por pleno as probas e as bases posto que as mesmas veñen establecidas desde

unha determinada Consellería e para levar a cabo nun curto prazo de tempo, co cal o concello ten moi pouca marxe de modificación.

2. O concello cando resolve un proceso selectivo establece os mecanismos para levar a cabo os procesos de substitucións en casos de baixa, establecendo unha listaxe, en donde constan os titulares e os suplentes.

3. A todas as convocatorias de prazas se lles da a máxima difusión e publicidade desde o concello, como se pode comprobar a través do taboleiro de edictos, páxina web, no BOP cando é obrigatorio, na procura de calquera persoa interesada poida participar.

4. Manifestar que en relación coa creación dun rexistro de gravacións para probas orais de selección de persoal, non se inclúen na actualidade este tipo de probas na seleccións que se están levando a cabo, nin está previsto incluídas en futuras convocatorias.

Non existe lexislación específica que obrigue ás Administracións Públicas a proceder coa creación do ficheiro de gravacións de probas de selección de persoal.

Nin na Lei Orgánica de Protección de Datos e no seu regulamento de desenvolvemento, nin na Lei de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno nin na Lei do estatuto básico do empregado público se esixe expresamente que a Administración Local (neste caso) teña a obriga de crear o citado rexistro de gravacións.

A elo sumarlle o enorme custo que suporía adoptar este tipo de medidas.

Por outro lado (segue dicindo o señor alcalde) que é totalmente rexeitable o comentario da señora Soutullo cando di que as probas parecen feitas para os amigos porque case sempre saen os mesmos. Recórdalle o señor alcalde que os tribunais de selección están sempre formados polos técnicos, que non interveñen os políticos, e que esta moción non ten razón de ser porque non se fan entrevistas nas probas de selección. Por isto rexeitamos esta moción.

A señora Soutullo di que eles non falan contra os técnicos e que no obradoiro, si se fan entrevistas. A pesares do dito polo alcalde, non é certo que non haxa entrevista persoal. No obradoiro de emprego, por exemplo, si hai, e por outro lado, tampouco temos a seguridade de que non se vaia empregar a entrevista como mérito para a contratación.

Non entendemos o voto en contra do PP, dunha iniciativa que consideramos interesante, e se é que de verdade todos estamos no carro da transparencia das actuacións do concello, non existe motivos para non aceptala, máis, e como xa insistimos, está perfectamente avalada polo informe xurídico que presentamos conxuntamente coa moción.

Mais ben parécenos que o da transparencia do Partido Popular é unha pose, máis que algo real. E así o demostran rexeitando a moción.

Responde o señor alcalde que neste caso faise entrevista porque é un órgano superior o que o establece así, porque a propia normativa así o establece, pero non depende do concello.

Cos votos en contra do rexeitamento desta moción pola agrupación Veciñ@s de Boqueixón e a favor do PP, acórdase rexeitar a moción número 16/1000 presentada por Veciñ@s de Boqueixón.

B) Mocións número 16/1438, sobre o fraccionamento dos impostos municipais e reintegro ás familias en risco de exclusión social

Defende esta moción o concelleiro señor Canabal Fernández.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O intenso incremento das bases impositivas do IBI nos últimos 3 anos, xunto co incremento polas regularizacións catastrais (O Catastrazo), supuxo que dende o ano 2010 se incrementase este imposto e unha vez rematado o exercicio 2016, máis dun 75%, camiño de case duplicarse en 7 anos e xusto coincidindo cunha crise económica con efectos demoledores para a xente do común.

Loxicamente o Grupo Municipal de Veciñ@s amósase en contra destas subas inxustificadas da presión fiscal que unido ás medidas permanentes de recortes, mermou de xeito significativo o poder adquisitivo dos cidadáns, que ven como con menos diñeiro teñen que facer fronte a maiores gastos para seguir subsistindo. Atentan estas medidas austerizadas e anticíclicas directamente contra as economías máis desfavorecidas, que deben facer auténticos equilibrios para chegar a fin de mes.

É por iso que as administracións públicas deben ser as primeiras interesadas en buscar fórmulas que permitan ás familias pagar os impostos sen que estas poñan en risco a súa subsistencia máis básica.

Por outro lado, e como garante da cohesión social, o Concello debe tamén apoiar moi especialmente a estas familias con menos recursos económicos, garantíndolle un mínimo vital e condonando ou reintegrando todo ou parte das débedas municipais por impostos.

Por outro lado temos que dicir que moitos concellos de España levan anos xa aplicando estas medidas de fraccionamento fiscal e de reintegro de débedas municipais. Entre os máis cercanos podemos destacar o Concello da Coruña e o de Santiago de Compostela. Atendendo a estes principios de xustiza, progresividade e garantía da cohesión social, o grupo municipal de Veciñ@s somete ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Informar aos Servizos de Recadación da Deputación das posibilidades existentes en materia de fraccionamento dos impostos municipais que esta xestiona.
2. Creación da “Conta Tributaria Municipal”, que permita aos cidadáns que voluntariamente o soliciten, o pago de forma escalonada dos tributos municipais que actualmente se xiran con periodicidade anual e que a nivel de mínimos deben recoller o IBI e o IVTM .
3. Campaña informativa aos veciños das posibilidades existentes en materia de fraccionamento de impostos.
4. Actuación de urxencia para periodificar o pago do inminente Imposto sobre Bens Inmóveis dentro do presente exercicio 2016.
5. A posta en marcha de maneira urxente de axudas para o reintegro da cota líquida a abonar do IBI por vivenda habitual ás familias cuxa vulnerabilidade económica o necesiten.
6. Instar ao departamento de Asuntos Sociais do concello a redactar e propor ao pleno para a súa aprobación unhas bases para a concesión destas axudas dirixidas ás familias titulares dun único inmovible que se destina á vivenda habitual, indicando os criterios que definan ás “persoas en risco de exclusión”, e que contemple, ao menos as seguintes situacións:

- Familias cuxos únicos ingresos sexan algún tipo de renda mínima de inserción.
- Familias cuxos ingresos sexan unha pensión por importe menor ao Salario Mínimo Interprofesional.
- Familias nas que ambos cónxuxes sexan desempregados que non reciban ningún tipo de prestación.

Neste punto, e aínda que non teño o convencemento de que todos os concelleiros leran a moción, tampouco vou a lela completamente, en aras a unha maior axilidade.

Si me gustaría destacar que as cuestións expostas nesta moción son moi básicas, e que están a ser realizadas noutros concellos como no caso da Coruña e Santiago con grande éxito, acolléndose cada vez máis veciños.

Dicía que ía ser moi breve e así será: Chámanos, como dicimos na moción, a atención de que nestes últimos anos (poñamos 6) e coincidindo cunha crise ou estafa económica que ten afogado a moitas familias, paralelamente se teñan incrementado os impostos e taxas (concretamente no noso concello IBI, IVTM, Auga, SAD...) o que fai que haxa realmente problema ao pagar os impostos e taxas, sobre todo, aquelas que son anuais.

Non sabemos claramente se os servizos de recadación da Deputación, ao que Boqueixón ten encargado a xestión de moitos dos seus impostos e taxas, contemplan xa a posibilidade de fraccionamento. Nós o que propoñemos e que se cree unha “Conta Tributaria Municipal” que sexa como un paquete de impostos e taxas, para que os veciños que así o desexen poidan pagar pois por exemplo “bimensualmente” esta Conta, para que non se lle faga tan gravoso, sobre todo no caso do IBI.

Paralelamente tamén propoñemos que os Servizos Sociais do concello elaboren unhas bases para a concesión de axudas dirixidas a familias “en risco de exclusión” definindo claramente estes baremos, ao fin de que os nosos veciños saiban perfectamente dende cando se destinan axudas directas para pagar os distintos impostos (tendo a posibilidade do mesmo xeito de exonerar taxas e prezos públicos).

Sinceramente pensamos que o equipo de goberno pode acoller perfectamente esta moción.

O señor alcalde di que non dubida da boa intención da moción, pero pensa que non debe ser aprobada tal como está redactada porque faríamos o ridículo coa Deputación Provincial posto que trátase dun servizo que xa se está prestando.

Así mesmo, a campaña informativa, xa se está facendo, inda que se pode facer máis.

En canto ao punto número seis da moción, efectivamente se pode facer e xa se está facendo pero sempre coa valoración e informe previo de servizos sociais.

O señor Barcala di que no país vasco, pódese pagar mensualmente e o señor Fernández Munín di que por contías inferiores a 100 €, posiblemente non se admita o fraccionamento.

O señor Canabal di que a conta tributaria municipal debería existir, e hoxe en día non é tan difícil, e neste momento votan en contra (segue dicindo o señor Canabal) pero dentro dun ano posiblemente vostedes farán esta mesma proposta.

Segue dicindo o señor Canabal que o seu grupo solicita que o concello a través das ordenanzas sinala as bonificacións e exencións que procedan para que todos as persoas saiban cal é o limiar mínimo de falta de recursos, que permita ter dereito ás bonificacións ou exencións, sen ter que solicitalo. Certamente non sabíamos que existía

esta posibilidade de fraccionamento na Deputación, polo que temos que dicir que o de facer unha campaña informativa non sobra.

En canto á parte que o Sr. alcalde falou, e que tamén mesturou, ao noso ver con mala fe, é o das axudas de emerxencia social, cos criterios básicos que deben ser públicos e claros, e que deberan estar en todas as ordenanzas deste concello, de “situación en risco de exclusión”. Non falamos de caridade, falamos de dereitos, falamos de progresividade e falamos de cohesión social. Son termos antagónicos á caridade.

Falamos na moción, e tamén na discusión do punto 4 desta orde do día, de dereitos dos cidadáns. Para nós, o obxectivo é que os cidadáns exerzan os seus dereitos. Ou o que é o mesmo, e para que me entendan, que non teñan que vir pedir ao concello, senón que saiban perfectamente o catálogo de servizos aos que teñen dereito. Se ao longo deste mandato, conseguimos darlle a volta á política de caridade do PP, teremos avanzado como cidadáns moito.

E por último, o que solicito do equipo de goberno é un mínimo de sensibilidade social. E visto o que teño visto neste ano, penso que diso, andan realmente escasos.

Mais como queremos ver o funcionamento actual do fraccionamento de pago dos servizos de recadación do Concello, imos retirar a moción á espera de estudar un pouco os mecanismos de fraccionamento que a Deputación ofrece. Estamos totalmente convencidos de que vostedes van sumarse ao carro da iniciativa presentada, non hoxe, senón mañá. Como sempre!

Sen máis debate e tendo en conta que a maioría dos puntos da moción xa se están cumprindo, o señor Canabal di que retira esta moción.

10. Información da alcaldía

Dánse conta dos decretos habidos desde o 9 de maio ata o 8 de xullo do 2016 do cal se dan por enterados.

11. Rogos e Preguntas

Neste momento, dáse contestación por escrito ás preguntas formuladas polo señor Barcala no pleno do 11 de maio do 2016:

“(En contestación á pregunta formulada polo concelleiro Perfecto Barcala no Pleno ordinario de 11 de maio do 2016)

- 1. Quén fixo a petición de poda das oliveiras de Ledesma?*
- 2. Contaba o concello a pertinente autorización de Palacio- Arcebispado de Santiago, Patrimonio, veciños de Ledesma, etc., para a poda destas árbores centenarias?.*
- 3. En base a qué se accede a facer podas de árbores que non están en terreos nin son de propiedade do Concello de Boqueixón?*
- 4. Por qué a igrexa e os veciños de Ledesma non son consultados para facer unha poda, ou máis ben unha mutilación, destas árbores protexidas, no seu tempo e cos correspondentes estudos profesionais e coñecementos sobre da materia?*
- 5. Qué foi da madeira que se podou, cal foi o seu destino, onde están eses troncos que teñen unha antigüidade aproximada de 281 anos, dos que temos varias fotos?*
- 6. En base a qué premisa manifesta a Sra. concelleira Ana Seijo que “ É máis importante o millo do veciño que as oliveiras centenarias e que había que podar a outra oliveira porque tiña “musgo”? Fonte Faro de Vigo 11-5-2016.*

7. *Quén colgou no taboleiro da igrexa de Ledesma, lexislación sobre poda das comunidades de Cataluña, Aragón e Navarra?*

8. *Sabe vostede algo sobre a non inclusión das dúas oliveiras centenarias no Catálogo de Arbores Senlleiras de Galicia que foi rexeitado pola Xunta pese a que no período de alegacións non se presentou ningunha? É moi raro isto xa que non hai motivos para non inscribilas e sobre de todo alegando que non daban a talla (claro que despois de chapodaldas calquera dá a talla se che cortan as extremidades).*

-En relación coas preguntas anteriormente formuladas sobre a demouca dunha oliveira do adro da igrexa parroquial de Ledesma sinalar que con motivo do corte dunha póla da oliveira, que invadía unha finca colindante ó adro da igrexa de Ledesma, levada a cabo polo propietario da citada finca, o concello busca asesoramento sobre o que é máis adecuado para a oliveira, posto que a poda anteriormente efectuada provocou que toda a carga da póla da oliveira quedase no sentido oposto.

A oliveira está a carón dun muro e o sistema radicular da oliveira é o máis deficiente, en relación co sentido do muro e da póla cortada.

O muro atópase deteriorado polas raíces da oliveira.

Con esta premisa, a oliveira estaba totalmente sobrecargada no lado oposto, co risco de que con fortes choivas e ventos fortes puidese ser tumbada, debido o excesivo peso do lado oposto.

A poda fíxose para equilibrar á oliveira e que a súa brotación poida formar unha copa equilibrada e uniforme.

A maiores aplicóuselle un tratamento a base de sales de cobre, para a conservación da madeira.

Todas estas actuacións fixéronse baixo asesoramento dun técnico na materia , que a súa vez fixo un informe detallado sobre esta actuación, de data 30 de maio do 2016, que se lle remitiu á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

-Non temos coñecemento do destino das pólas que foron obxecto de corta. Para máis información deberían consultar coa Igrexa.

-A concelleira Ana María Seijo Mosquera manifesta que non fixo tales declaracións a ningún/ha periodista , polo que as mesmas son falsas.

-O concello non ten coñecemento de quen puxo no taboleiro da igrexa de Ledesma, lexislación sobre poda das comunidades de Cataluña, Aragón e Navarra.

-A oliveira está catalogada no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón, como elemento protexido , con grado de protección integral.

O artigo 4.1.3. do PXOM indica que “independente do grado de protección con que contén os elementos catalogados ou das obras autorizables en función de cada tipo de solo, calquera actuación das que se relacionan no artigo 10 de regulamento de disciplina urbanística de Galicia, que se pretenda levar a cabo nun ben catalogado ou no seu contorno de protección, requirirá autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural, condicionadas á preservación dese contorno.

O artigo 10 de regulamento de disciplina urbanística de Galicia indica que serán obxecto de licenza as cortas ou abatements das árbores que constitúan masa arbórea ,

espazo boscoso, arboredo ou parque, haxa ou non planeamento aprobado, agás as autorizadas en solo rústico por órganos competentes en materia agraria ou forestal. Polo tanto, non contempla como actuación obxecto de licenza a poda, estando igualmente excluída de solicitar autorización do órgano competente da Consellería de Cultura.”

A señora Soutullo Carolo fai os seguintes:

A) ROGOS

1.Sobre os Colectores de Aceite.

Rogamos o Concello de Boqueixón que unha vez instalados os colectores para a recollida de aceite de uso doméstico facilite os veciños a información oportuna de cómo deben de ser utilizados e os puntos donde se atopan.

B: PREGUNTAS:

1.Referente a matriculación dos nenos na gardería municipal.

Se un neno nace despois de concluído o prazo de inscrición na gardería (meses de maio/xuño) , este neno quedaría sen praza ata setembro do ano seguinte. Xa que para ser inscrito pídeselles o libro de familia do cal non dispoñen ata o nacemento do neno.

- Teñen pensada algunha solución para solucionar este grave problema?
- Non creen que deberían estar dispoñibles algunhas prazas para estes casos?

Ademais vendo que hai prazas que están cubertas por nenos non empadroados no noso Concello.

Responde o señor alcalde que se poden presentar solicitudes, tamén fora de prazo, e de quedar prazas vacantes pódese acceder ou ben, de non quedar prazas, quedar nunha lista de espera. (Débese ter en conta o artigo 2 do regulamento, que establece que de haber prazas vacantes, poderán atenderse solicitudes doutros concellos)

A señora Soutullo Carolo, di que podería haber dúas garderías e o señor Canabal di que non ten sentido que Vedra e Boqueixón non se puxeran de acordo cando se fixo a gardería.

2.Referente a información sobre o centro escolar de O Forte .

Nesta corporación temos unha representante no Consello Escolar, a Sra. M^a Carmen Botana. Transcorrido un ano deste mandato non temos ningunha información sobre o centro, sobre as súas necesidades, actos, actividades nas que participa o concello, obras feitas ou solicitadas, ...

Vemos necesario que a representante do concello no centro escolar informe a corporación o principio e o final de cada curso escolar.

Sempre se invitou a corporación o peche do curso escolar,

- Por que este ano non se fixo?

O señor alcalde pregunta se antes se facía e se é así di que pide perdón pois posiblemente fose culpa súa.

O señor Barcala di que cando el era presidente da ANPA, invitábase á corporación municipal.

A señora Soutullo insiste en ter información sobre o centro escolar.

O señor alcalde, di que se van a facer varias actuacións a través do Plan de Acción Social da Deputación Provincial.

3.Referente a falta de limpeza no centro médico de Lestedo e no Pazo da Feira.

Recordamos que en dito centro médico atópase o servizo de pediatría.

Non esiximos luxos pero si hixiene e servizos mínimos de mantemento tanto nos centros de saúde coma nos locais sociais .

- A que é debido este problema de falta de limpeza?
- Non sería necesaria a contratación de máis persoal?

O señor alcalde responde que seguramente é mellorable.

4.Referente a conciliación familiar nos meses de xullo e agosto .

Nestes meses tan só temos o verán activo e este esta dirixido a nenos de infantil e primaria, quedando fóra a franxa de idade de 13 - 16 anos.

- Non deberían estar incluídos estes nenos nestas ou noutras actividades?

Responde o señor alcalde que na piscina hai 70 rapaces en cursos de natación. Para os de 12 a 16 anos hai campamentos e para os de 14 a 16, hai un potente programa, "deseñando o teu futuro", e de voluntariado xuvenil, para os de 16 a 30 anos.

Sen embargo, efectivamente os de 12 a 14 anos, só poden ir de campamento e á piscina, e tomo nota (di o señor alcalde) para o próximo ano.

5.Comentáronnos algúns vecinos da presenza de lobos en algúns lugares do concello.

- No caso de que isto sexa así, qué medidas se van a adoptar?

O señor Sanjuás di que en Codeso comeron catro ovellas.

O señor alcalde di que se dará conta a "Conservación da Natureza".

O señor Canabal di que o lobo está protexido, pero como non ten comida no monte, é polo que é perigoso, porque necesita comer.

O señor alcalde di que se pode publicar un bando coas axudas que hai.

O señor Barcala fai os seguintes:

A) ROGOS

1.Sobre as beirarrúas da Ponte.

Rogo se arranxen as arestas das beirarrúas do lugar da Ponte, petición que xa fixen no pleno do mes de xaneiro de este ano e a día de hoxe segue estando coma fai 6 meses.

O señor alcalde responde que en breve comeza unha cuadrilla de albaneles e comprobarase

2.Sobre a limpeza da Ponte Ledesma.

Rogo se execute dunha vez a limpeza da Ponte, pois xa estamos na metade do verán e sen trazas de empezar as labores de limpeza.

Responde o señor alcalde que se intentou limpar cando tivo lugar o piragüismo pero antes chamouse á Dirección de Patrimonio e comunicaron que non o fixéramos porque van facelo eles.

3.Fochancas Loureda.

Rogo que se reparen as fochancas da pista de Loureda a o Aeroporto que aínda seguen coma antes e o mesmo tempo aproveito par pedir que se aglomere esta pista xa que e unha vía moi transitada e importante para o concello.

Responde o señor alcalde que Medio Rural vai executar a pista que vai de A Granxa a Lestedo, polo que deste xeito evitamos o seu custo para o concello.

B) PREGUNTAS

1.Sobre o incremento dos Roubos e inseguridade.

Sabe vostede algo sobre o aumento de roubos e inseguridade, no noso concello?

Puxo en coñecemento das autoridades, o incremento da vaga de roubos, para que estean ao tanto, e incrementen, se fora necesario, as labores de vixilancia?

Non pasará coma no pasado mandato cando se roubou gasóleo nos depósitos do concello e non se fixo a pertinente denuncia na Garda Civil, por parte do Sr. alcalde?

O señor alcalde responde que xa se puxo en contacto co cabo da garda civil e lle manifestou que a incidencia deste ano é da máis baixa dos últimos anos.

2.Sobre o Internet.

Ten vostede algo novo sobre do problema da internet, tantas veces aquí demandado, posto que estes días volven a saír na prensa informacións e peticións de veciños e empresarios da parroquia de Lestedo, sen que por parte do equipo de goberno deste concello se diga nin se faga nada para solucionar este problema?

As últimas informacións da alcaldía falaban de nomes técnicos de redes e postes repetidores de telefonía móbil pero de redes de fibra óptica e de solucións para os veciños das distintas parroquias que sofren este problema, nada de nada.

Poderemos algún día deste século, os concelleiros desta corporación, ter acceso a rede WIFI deste concello para dispor da internet neste salón de plenos, redes que por outra banda ofrecen case que todos os bares e cafeterías do noso concello de forma gratuíta, agás os de Lestedo e algunhas outras parroquias que aínda que queiran non o teñen para por ofrecer?.

Responde o señor alcalde que si hai e se lle dará a clave.

3.Sobre a obra de soterramento dunha liña de alta tensión.

- Cómo e posible que se estea facendo unha obra de soterramento dunha liña de alta tensión sen a pertinente licenza de obra?
- Non ten este concello vixiante de obras e por si fora pouco tamén contamos cun Concelleiro de Obras con dedicación exclusiva, e entre os dous non son capaces de ver que se levan meses facendo esta obra sen licenza?

No último pleno os Concelleiros do Grupo Veciñ@s de Boqueixón preguntaron por esta obra, e vostedes coma si nada, tardando dous meses en contestar e para iso con evasivas.

- Si se dese o caso de que acontecera algún accidente laboral, quen sería o responsable e en que situación se atoparía o Concello?

O derradeiro Pleno Ordinario celebrouse o día 11 de maio e a licenza desta obra concedeuse na Comisión de Goberno do día 19-5-2016 o cal ven a demostrar que non se enteran de nada, e que as leis non son iguais para todos, hai xente que pode facer obras sen licenza e outros non.

- Pódenme dicir vostedes onde está exposto o cartel da obra que é obrigatorio no que debe constar: Tipo de obra, nº de licenza do concello, prazo de execución, promotor, director de obra, director de execución da obra, coordinador de saúde e seguridade e Empresa construtora?.

(A día de hoxe xa coa obra practicamente rematada NON ESTÁ EN NINGÚN LADO , non estivo nunca. Expediente desta obra 15/1261)

Responde o señor alcalde que presentaron a declaración responsable e presentaron o correspondente AVAL (posteriormente previo informe técnico solicitouse que presentaran a solicitude de licenza pois non era suficiente neste caso, a comunicación previa).

O expediente tramitouse correctamente.

4. Sobre o vertedoiro ilegal de Sergude.

Saben vostedes algo dun vertedoiro ilegal na Parroquia de Sergude?

Pertence ese terreo ó concello ou e masa común?.

Responde o señor alcalde que a finca é de Facenda do Estado. Neste caso vai limpala o SEAGA e logo dotarase de céspede. Por esta vez farao Medio Ambiente.

O señor Barcala, pregunta por qué Facenda non vixía e mantén en boas condicións as súas propiedades, ao que responde o señor alcalde que no futuro, de seguir así, daráselle traslado da situación da parcela para que a manteñan en boas condicións.

5. Preguntas sen contestar no pleno de maio.

Quero subliñar, que no derradeiro Pleno Ordinario do mes de maio fixemos unas preguntas que non nos foron contestadas, argumentando que se faría por escrito no seguinte pleno, pois aínda que se nos contestou a algunha, faltan tres preguntas por contestar supoño que non teremos que esperar outros dous meses pola resposta.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O alcalde